

GUILLERMO JOSÉ FERNÁNDEZ LÓPEZ, Secretario do Concello de A POBRA DO CARAMIÑAL (A Coruña),

CERTIFICO: Que na sesión plenaria celebrada no salón de actos do Concello, en data 27 de outubro de 2016, adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar con carácter provisional a modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, segundo a documentación anexa que se acompaña, cuxa redacción pasa a ser a que se indica no texto.

Segundo.- Expor ao público o presente acordo nos lugares sinalados no artigo 17 do TRLHL por prazo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar os expedientes e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- No caso de que no período de exposición pública non se presenten reclamacións, o que se acreditará por certificación do Secretario, este acordo provisional entenderase elevado automaticamente a definitivo, procedéndose a continuación á súa publicación no boletín oficial da provincia en unión do texto íntegro modificado da respectivas ordenanza fiscais.

ORDENANZA FISCAL Nº 3, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

ARTIGO 1.- Natureza e feito imponible.

1.- O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.

2.- Considerase apto para a circulación o que fora matriculado nos rexistros públicos correspondentes, e mentres non causara baixa nestes. Os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

ARTIGO 2.- Coeficiente.

De conformidade co establecido no artigo 95.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o coeficiente de incremento das cotas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica aplicable neste municipio queda fixado no 1,55469640.

ARTIGO 3.- Xestión.

1.- No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación o pago das cotas anuais do imposto realizarase dende o 1 de marzo ata o 30 de abril.

2.- No suposto regulado no apartado anterior, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de Padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ó imposto que se atopen inscritos no correspondente rexistro público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

3.- O Padrón ou matrícula do imposto exporase ó público por espazo de UN MES para que os lexítimos interesados poidan examina-lo e, no seu caso, formula-las reclamacións oportunas. A notificación deste tributo realizarase segundo o artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, mediante notificación colectiva.

ARTIGO 4.- Exención por minusvalía

1. Aos efectos de proceder á concesión da exención prevista no artigo 93.1 e) do RDL 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os suxeitos pasivos que pretendan gozar desta exención deberán presentar a correspondente solicitude no derradeiro trimestre do exercicio impositivo anterior a aquel no que solicitan que produza efectos, xunto coa solicitude os solicitantes deberán aporta-la seguinte documentación:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade do propietario do vehículo.

- Certificado de empadramento.

- Copia compulsada do Permiso de Circulación.

- Copia compulsada da Ficha Técnica do Vehículo.

- Documento orixinal ou copia compulsada do Certificado oficial acreditativo do grao e clase de discapacidade expedido pola Comunidade Autónoma correspondente, ou documento acreditativo da condición de pensionista da Seguridade Social que teña recoñecido unha pensión de incapacidade permanente en grado total, absoluto ou gran invalidez; así como os pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

- Declaración xurada que acredite que o vehículo destinase para o uso exclusivo do propietario (neste caso poderán efectuarse as oportunas comprobacións por parte da Administración).

2. Á vista da documentación presentada, o Alcalde - Presidente dictará Resolución concedendo ou denegando a exención solicitada. A exención concedida só producirá efectos para o período impositivo inmediato seguinte a aquel no que se insta a súa concesión e para o segundo posterior, debendo solicitarse a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, aportando de novo a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu goce. En calquera caso, a presentación da solicitude fora do prazo establecido no apartado 1 anterior, dará lugar á súa inadmisión e a conseguinte denegación da exención instada.

3. Nos casos nos que non fose posible aportar a documentación dentro dos prazos sinalados para solicitar a exención, deberá facerse constar dita situación na solicitude que deberá presentarse en prazo.

ARTIGO 5. Bonificación

Os vehículos históricos e todos aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vintecinco anos, contados a partir da data da súa fabricación, ou si esta non se coñecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar, disfrutarán dunha bonificación do 100 por cen da cota incrementada do imposto. Os suxeitos pasivos ou os seus representantes poderán solicitar a concesión da bonificación acreditando a data de fabricación ou primeira matriculación por medio de copia compulsada da ficha técnica, o permiso de circulación do vehículo ou certificado do fabricante ou da industria respecto da data na que se deixou de fabrica-lo modelo en cuestión. O petionario deberá estar ó corrente do pago do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

ARTIGO 6. Normativa

No non expresamente establecido na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na subsección cuarta da sección 3ª, do capítulo II, do Título II do citado RDL 2/2004, concordantes e complementarios desta, e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

Disposición final.

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o 27 de outubro de 2016, entrará en vigor e será de aplicación no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO Á ORDENANZA DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Clase de vehículo	Potencia	Cota en €
A) Turismos	De menos de 8 cabalos fiscais	19,63 €
	De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	52,98 €
	de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	111,84 €
	De 16 a 19,99 cabalos fiscais	139,31 €
	De 20 cabalos fiscais en diante	174,13 €
B) Autobuses:	De menos de 21 prazas	129,49 €
	De 21 a 50 prazas	184,45 €
	De máis de 50 prazas	230,56 €
C) Camións	De menos de 1000 Kgs. carga útil	65,73 €
	De 1000 a 2999 Kgs. carga útil	129,49 €
	De 2999 a 9999 Kgs. carga útil	184,45 €
D) Tractores	De máis de 9999 Kgs. carga útil	230,56 €
	De menos de 16 cabalos fiscais	27,47 €
	De 16 a 25 cabalos fiscais	43,16 €
E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	De máis de 25 cabalos fiscais	129,49 €
	De menos de 1000 Kgs. E máis de 750 Kgs. Carga útil	27,47 €
	De 1000 Kgs. A 2999 Kgs. Carga útil	43,16 €
	De máis de 2999 Kgs. Carga útil	129,49 €
F) Outros vehículos:	Ciclomotores e cuatriciclos	6,86 €
	Motocicletas ata 125 cc.	6,86 €
	Motocicletas de 125 a 250 cc.	11,77 €
	Motocicletas de 250 a 500 cc.	23,55 €
	Motocicletas de 500 a 1000 cc.	47,09 €
Motocicletas de máis de 1000 cc.	94,18 €	

E para que produza os efectos oportunos, firmo dixitalmente o presente certificado, co visto e prace do Alcalde en A Pobra do Caramiñal, a 28 de outubro de 2016.